

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**CELEBRADA O DÍA 11 DE OUTUBRO DE 2012.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E VINTECINCO MINUTOS** do xoves día **ONCE DE OUTUBRO DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **Dª. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúñese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, coa asistencia do tenente de Alcalde **Dº MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e os concelleiros **Dº ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** e **Dº KLAUS BREY MONTAÑA** e da Secretaria da Corporación **CRISTINA ALONSO LOSADA**, que suscribe e da fe.

Non asiste o 2º tenente de Alcalde: **Dº MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE**  
Interventora do Concello: Non asiste.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**1.- APROBACIÓN DE ACTA ANTERIOR:**

- Acta da sesión extraordinaria de 27 de xullo de 2012.
- Acta da sesión ordinaria de 13 de setembro de 2012.

**2.- Dar conta Decretos.**

**3.- Providencia da Alcaldía sobre obra realizada en Carboeiriño nº 7 (Carboeiro)**

**4.- Providencia da Alcaldía sobre obra realizada en Alfonsiños nº 2 (Cervaña)**

**5.- Providencia da Alcaldía sobre obra realizada en Costela nº 14 (Margaride)**

**6.- Providencia da Alcaldía sobre escrito presentado por Mónica Campos González.**

**7.- Expedientes de Urbanismo**

- Independencia 2, S.A. (Licenza de obra)
- Vázquez González José Manuel (Remitir a Urbanismo, Cultura e Fomento)
- Cogami (Licenza definitiva de actividade)

**8.- Proposta da Alcaldía sobre creación dunha lista de reserva e a situación do Concello de Silleda na mesma, referida ao proxecto Soterramento de Infraestructuras eléctricas na rúa María Colmeiro e Carballeira do Chousiño.**

**9.- Proposta da Alcaldía sobre escrito remitido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras de data 27 de setembro de 2012 (R.E. nº 5221 do 05.10.12)**

**10.- Proposta da Alcaldía sobre cesión gratuita á Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos dun local.**

**11.- Proposta da Alcaldía sobre escrito da Estación Fitopatoloxica do Arreeiro de data 08.10.12 (R.E. nº 5258)**

**12.- Proposta da Alcaldía sobre escrito da Deputación Provincial de Pontevedra de aprobación do Plan de Investimentos e gastos correntes.**

**1.- APROBACIÓN DE ACTA ANTERIOR:**

- Acta da sesión extraordinaria de 27 de xullo de 2012.
- Acta da sesión ordinaria de 13 de setembro de 2012.

Preséntanse para aprobación estas actas:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria de 27 de xullo de 2012.
- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria de 13 de setembro de 2012.

**1.- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria de 27 de xullo de 2012.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, votan en contra a aprobación desta acta por non recoller a realidade do sucedido nesta sesión e acordan por unanimidade dos presentes non aprobala.

Infórmase pola secretaria de que o Concello ten a obriga de ter o Libro de Actas, e transcribir as actas, aprobadas.

**2.- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria de 13 de setembro de 2012.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria de 13 de setembro de 2012.

A continuación a Alcaldesa presenta na sesión os seguintes asuntos:

**2º.- DAR CONTA DECRETOS.**

Retírase este asunto por non haber tido tempo os concelleiros para revisa-lo, darse conta na seguinte sesión.

A Secretaria dí que se pode pechar a numeración dos Decretos antes de cada convocatoria para certeza dos que se dan conta.

**3º.- PROVIDENCIA DA ALCALDÍA SOBRE OBRA REALIZADA EN CARBOEIRIÑO N° 7 (CARBOEIRO).**

Visto o informe da Policia Local 274/12.

Visto o informe técnico do arquitecto asesor do Concello, Lino Manuel Doperto Framil, de data 10 de agosto de 2012.

Visto o informe xurídico “sobor o procedemento a seguir en caso de obras sen licencia ou sen axustarse a licencia concedida”, de data 29 de agosto de 2012, asinado por Carmen González Gómez.

Visto o informe xurídico da secretaria xeral, de data 10 de outubro de 2012, Rexistro de Entrada nº 5335, de data 10 de outubro de 2012.

Vista a providencia da Alcaldesa, de data 25 de setembro de 2012.

Vista a proposta da Alcaldesa de data 25 de setembro de 2012.

**A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos presentes, e segundo o contido da proposta da Alcaldesa de 25 de setembro de 2012, acorda:**

Visto o informe da Policia Local de data 5 de xullo de 2012 , no que se informa da existencia dunha obra no lugar de Carboeriño, na parroquia silledense de Carboeiro, e no que se poña en coñecemento da Alcaldía determinados actos que puidesen facer necesario que se inicie procedemento para reponer a legalidade urbanística con referencia ás obras de construción dun cerramento, con arame de malla e postes.

Visto que o promotor da obra, que resulta ser D. José Alonso Pérez, con domicilio no lugar de Carboeiriño nº 7 solicitou, con data 11 de abril de 2012 (rexistro de entrada 2104) licenza para realizar a citada obra, de 40 ml. e 1 metro de altura

Vista a resolución da Alcaldía, con data 15 de maio de 2012 na que se concede licenza municipal para a citada obra.

Visto que, segundo reflexa o referido informe da Policia Local, as obras que se están executando non se corresponden coa licenza municipal, ao superar as dimensións estipuladas.

Visto que o informe técnico de data 10 de agosto de 2012 advirte que as obras que se están executando "non están en concordancia co exposto na licenza municipal concedida por superar a altura sinalada na notificación".

De conformidade co informe xurídico de data 29 de Agosto de 2012 sobre do procedemento a seguir en caso de obras sen licenza ou sen axustarse a licenza concedida, en relación co procedemento e a Lexislación aplicable e o informe dos Servizos Técnicos Municipais con data 9 de agosto de 2012, polas facultades que me son conferidas en virtude do artigo 209 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanismo e Protección do Medio Rural, pola presente,

Por todo o anterior a XUNTA DE GOBERNO LOCAL acorda:

**PRIMEIRO.** Incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística, respecto da actuación ilegal que supón a construción do peche con tubos e columnas que se está realizando por D. José Alonso Pérez, no solar da súa propiedade sito no lugar de Carboeiriño (polígono 513) na parroquia de Carboeiro (Silleda), conforme se establece no artigo 209 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural.

**SEGUNDO.** Ordenar a suspensión inmediata de ditos actos, que se están realizando en Carboeiriño (Carboeiro) nos terreos propiedade de D. José Alonso Pérez.

**TERCEIRO.** Adoptar as seguintes medidas cautelares, no seu caso:

- Ordenar a retirada dos materiais preparados para ser utilizados na obra ou a actividade suspendida e a maquinaria afecta á mesma.
- Ordenar o precintado das obras, instalacións e elementos auxiliares das actividades obxecto de suspensión, dándolle traslado a Policía local para o efectivo cumprimento de esta orde.
- Proceder á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas por importe de 600 a 6000 €, reiterables ata lograr o cumprimento da orde de paralización.

**CUARTO.** Notificar ós interesados para que poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que teñan por conveniente, outorgando un prazo de quince días.

Así mesmo, dar audiencia ós interesados que aparezan no expediente, para que no mesmo prazo aleguen o que estimen pertinente.

**QUINTO.** Notificar ó Rexistro da Propiedade a incoación do procedemento

de reposición da legalidade, para a súa publicidade e práctica dos asentos.

**4º.- PROVIDENCIA DA ALCALDÍA SOBRE OBRA REALIZADA EN ALFONSIÑOS N° 2 (CERVAÑA).**

Visto o informe da Policia Local 286/12.

Visto o informe técnico do arquitecto asesor do Concello, Lino Manuel Doperto Framil, de data 9 de agosto de 2012.

Visto o informe xurídico “sobor o procedemento a seguir en caso de obras sen licencia ou sen axustarse a licencia concedida”, de data 29 de agosto de 2012, asinado por Carmen González Gómez.

Visto o informe xurídico da secretaria xeral, de data 10 de outubro de 2012, Rexistro de Entrada nº 5335, de data 10 de outubro de 2012.

Vista a providencia da Alcaldesa, de data 25 de setembro de 2012.

Vista a proposta da Alcaldesa de data 25 de setembro de 2012.

**A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos presentes, e segundo o contido da proposta da Alcaldesa de 25 de setembro de 2012, acorda:**

Visto o informe da Policia Local de data 19 de xullo de 2012 , no que se informa da existencia dunha obra no lugar de Alfonsiños, na parroquia Silledense de Cervaña, e no que se poñía en coñecemento da Alcaldia determinados actos que puidesen facer necesario que se iniciase procedemento para reponer a legalidade urbanística con referencia ás obras de instalación de tubos e columnas para facer a entrada a unha finca en Alfonsiños número 2.

Visto o informe técnico de data 9 de agosto de 2012, no que se advirte que as obras se están executando non son compatibles co planeamento vixente.

De conformidade co informe xurídico de data 29 de Agosto de 2012 sobor do procedemento a seguir en caso de obras sen licencia ou sen axustarse a licencia concedida, en relación co procedemento e a Lexislación aplicable e o informe dos Servizos Técnicos Municipais con data 9 de agosto de 2012, polas facultades que na son conferidas en virtude do artigo 209 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanismo e Protección do Medio Rural, pola presente,

Por todo o anterior a XUNTA DE GOBERNO LOCAL acorda:

**PRIMEIRO.** Incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística, respecto da actuación ilegal que supón a construcción do peche con tubos e columnas que se está realizando por D. Ramón Rodríguez Espiño, no solar da súa propiedade sito no lugar de Alfonsiños nº 2, na parroquia de Cervaña (Silleda), conforme se establece no artigo 209 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural.

**SEGUNDO.** Ordenar a suspensión inmediata de ditos actos, que se están realizando en Alfonsiños nº 2 (Cervaña), nos terreos propiedade de D. Ramón Rodríguez Espiño.

**TERCEIRO.** Adoptar as seguintes medidas cautelares:

- Ordenar a retirada dos materiais preparados para ser utilizados na obra ou a actividade suspendida e a maquinaria afecta á mesma.
- Ordenar o precintado das obras, instalacións e elementos auxiliares das actividades obxecto de suspensión, dándolle traslado a Policía local para o efectivo cumprimento de esta orde.
- Procederá execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas por importe de 600 a 6000 €, reiterables ata lograr o cumprimento da orde de paralización.

**CUARTO.** Notificar ós interesados para que poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que teñan por conveniente, outorgando un prazo de quince días.

Así mesmo, dar audiencia ós interesados que aparezan no expediente, para que no mesmo prazo aleguen o que estimen pertinente.

**QUINTO.** Notificar ó Rexistro da Propiedade a incoación do procedemento de reposición da legalidade, para a súa publicidade e práctica dos asentos.

**5º.- PROVIDENCIA DA ALCALDÍA SOBRE OBRA REALIZADA EN COSTELA Nº 14 (MARGARIDE)**

Visto o informe da Policía Local 324/12.

Visto o informe xurídico “sobor o procedemento a seguir en caso de obras sen licencia ou sen axustarse a licencia concedida”, de data 29 de agosto de 2012, asinado por Carmen González Gómez.

Visto o informe xurídico da secretaria xeral, de data 10 de outubro de 2012,  
Rexistro de Entrada nº 5335, de data 10 de outubro de 2012.

Vista a providencia da Alcaldesa, de data 25 de setembro de 2012.

Vista a proposta da Alcaldesa de data 25 de setembro de 2012.

**A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos presentes, e segundo o contido da proposta da Alcaldesa de 25 de setembro de 2012, acorda:**

#### **ANTECEDENTES**

- 1- Con data 7 de xuño de 2012, tivo entrada neste concello escrito suscrito por doña M<sup>a</sup> Victoria Currás Sánchez, rexistro entrada N° 3151 no que exponía que a súa veciña doña Elena Colmeiro, está facendo un muro de pedra nun calexón xunto a súa casa sin licencia municipal e sin deixar retranqueos, adxunta reportaxe fotográfico. Con data 12 de xuño presenta outro escrito, rexistro entrada N° 3250 no que reitera o manifestado no de data 7 de xuño.
- 2- Con data 9 de agosto de 2012, o alcalde en funcións don Manuel Cuiña Femández, e visto de que pode tratarse dun problema de llindeiros entre veciños, dicta providencia pola que solicita:
  - Que sexa cursada por parte da policía local a correspondente visita de comprobación.
  - Que se informe se a denuncia afecta a bens públicos
  - Se a citada obra dispón de licencia municipal.
- 3- Con data 28 de agosto de 2012, a policía local informa que a obra non parece afectar a bens públicos e que a obra dispón de licencia municipal, se ben non se axusta a esta. En concreto dise:

" No lugar de Costela, parroquia de Margaride , existen unas obras finalizadas no inmoble N°14.

As obras consisten na realización dun muro de pedra de cantería. A parte lateral do muro linda ca vivenda do veciño e a parte frontal, co camiño de Costela a Toxa e ten unha lonxitude de 4 metros de largo, 1,50 metros de alto, e 0.50 metros de ancho, e sobre este 0.50 metros de arame de malla. Entre as propiedades de ambos dous vecinos constrúese un piso de cemento, e un muro, de bloque de fábrica de cemento, de 1.50 m. de largo, 1.50 m. de alto e 25 cm. de ancho, ubicado fronte a unha entrada, con porta de madeira, da vivenda colindante, que daba acceso desde dita vivenda á propiedade da

denunciada, Nº14 de Costela.

O promotor da obra resulta ser doña ELENA COLMEIRO GONZÁLEZ, con D.N.I. 00221063- X, tl.699345202, a cal presenta a correspondente licencia de obra outorgada mediante decreto da alcaldía con data 20 de marzo de 2012 a que lle autoriza únicamente para a construción do piso e do muro de bloque.

O constructor resulta ser Construcciones Suso Peña, tl. 609800236. O cal manifesta que as obras comenzaron a executarse un mes depois de poseer a promotora a licencia de obra con número de rexistro 676, e que finalizaron en mayo do 2012.

**As obras están aparentemente finalizadas."**

- 4- Visto o informe xurídico de data 29 de Agosto sobre o procedemento a seguir para a reposición da legalidade.

Por todo o exposto, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL acorda:

1º- Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística, dado que parte das obras executadas e rematadas non están amparadas por licencia, para o cal se acorda:

A- Dar traslado do expediente os Servizos Técnicos Municipais para que emitan informe sobre as obras executadas sen estar amparadas pola licenza concedida a dona Elena Colmeiro González con data 20 de marzo de 2012; e sobre a compatibilidade destas obras que se realizaron co planeamento urbanístico; é dicir: se poderían ser legalizadas ou polo contrario son contrarias a normativa urbanística e ilegalizables

2º- Notificar esta resolución a doña Elena Colmeiro González e a dona M<sup>a</sup> Victoria Currás Sánchez, concedéndolle un prazo de quince días para facer alegacions, facéndolle saber que as licencias otórganse sempre salvo dereito de propiedade e sen perxuicio de terceiro, polo que as cuestions relativas a lindeiros, dereitos de paso, etc. non son competencia municipal senón da xurisdiccción ordinaria.

#### **6º.- PROVIDENCIA DA ALCALDÍA SOBRE ESCRITO PRESENTADO POR MÓNICA CAMPOS GONZÁLEZ.**

Visto o informe da Policia Local 331/12.

Visto o informe xurídico da secretaria xeral, de data 10 de outubro de 2012, Rexistro de Entrada nº 5335, de data 10 de outubro de 2012.

Vista a providencia da Alcaldesa, de data 25 de setembro de 2012.

Vista a proposta da Alcaldesa de data 25 de setembro de 2012.

**A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos presentes, e segundo o contido da proposta da Alcaldesa de 25 de setembro de 2012, acorda:**

#### ANTECEDENTES

- 1- Con data 22 de agosto de 2012, tivo entrada neste concello escrito suscrito por doña Isabel Mónica Campos González ,rexistro entrada N° 4490, no que exponía que:  
"que el vecino de Adelina: Hederedos de Restituto Carrera, Costela 6, ha instalado una cancela con columna, en una vía publica, obstaculizando el paso e impidiendo las labores de limpieza en un sendero."
- 2- Con data 28 de agosto de 2012 ,a sra. alcaldesa dicta providencia pola que solicita a policía local que curse visita ao lugar para facer as comprobaciones oportunas sobre esta denuncia.
- 3- Con data 29 de agosto de 2012, a policía local informa que a obra non parece afectar a bens públicos segundo se desprende dos planos consultados no departamento de urbanismo e dos plano do sixpac. En concreto dice:

"-O inmoble sito no N° 6 do lugar de Costela, parroquia de Moalde, pertence a dona María Adelaida Reboredo Vi llar, con D.N.I. 76.794.334, viuda de don Restituto Carrera.

-Non se aprecian obras na actualidade. A cancela e as columnas as que fai mención a providencia teñen aspecto de seren colocadas fai tempo.

Preguntada a propietaria polo posible peche dunha vía pública, está manifesta que efectivamente por ahí pasaba un camiño de servidumbre para as fincas de dous vecinos pero unha vez feita a concentración parcelaria ditas propiedades pasaron a ser súas e o camiño desapareceu quedando incluido na súa propiedade

- pode observarse que o camiño atópase asfaltado soamente ata a cancela.  
**Achégase plano Sicpac da ubicación do inmoble e fotografías da misma"**

Por todo o exposto a XUNTA DE GOBERNO LOCAL acorda:

1º- Arquivar a denuncia efectuada por dona Isabel Mónica Campos González, por non desprenderse que os feitos poidan ser constitutivos de infracción urbanística alguna.

2º- Notificar esta resolución a dona Isabel Mónica Campos González, facéndolle saber que o concello só ten competencias en materia de urbanismo, sendo as cuestions relativas a lindeiros, dereitos de paso, etc competencia da xurisdicción ordinaria.

## 7º.- EXPEDIENTES DE URBANISMO

### 7.1.- INDEPENDENCIA 2, S.A. (LICENZA DE OBRA)

Visto o expediente promovido por Dº Paulino Sánchez Chao, en representación de INDEPENDENCIA 2, S.A., en virtude de instancia nº 3170 de data 22 de xullo de 2011, solicitando Licencia de obra, de rehabilitación de edificación anexa exterior do Pazo de Trasfontao, sito no lugar de Trasfontao (Silleda).

**Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 30 de decembro de 2011 acordouse:**

"1.1.3.- Dº Paulino Sánchez Chao, en representación de INDEPENDENCIA 2, S.A.

*A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía (Decreto 04.07.11), por unanimidade dos presentes acorda*

*Examinado o expediente promovido por Dº Paulino Sánchez Chao, en representación de INDEPENDENCIA 2, S.A., en virtude de instancia nº 3170 de data 22 de xullo de 2011, solicitando Licencia de obra, de rehabilitación de edificación anexa exterior do Pazo de Trasfontao, sito no lugar de Trasfontao (Silleda), segundo proxecto básico e de execución do Arquitecto Dº Paulino Sánchez Chao, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 21 de xullo de 2011, nº 1105038,1 e Dirección de Obra do Arquitecto Dº Paulino Sánchez Chao, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, nº 1105038,2*

*RESULTANDO: Que Juan Carlos Peteiro Rodríguez emite informe xurídico manifestado conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 18 de novembro de 2011.*

*RESULTANDO: Que con data 18 de novembro de 2011, polo Arquitecto*

*Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe no que se sinala:*

“

<i>Solicitante</i>	<i>Sánchez Chao, Paulino, e/r INDEPENDENCIA 2 S.A.</i>
<i>Data da solicitude</i>	<i>22 de xullo de 2011</i>
<i>Nº de Rexistro</i>	<i>3170</i>
<i>Proxecto</i>	<i>Proxecto Básico e de Execución Rehabilitación de Edificación Anexa Exterior do Pazo de Trasfontao</i>
<i>Emprazamento</i>	<i>Lugar de Transfontao, Silleda</i>
<i>Referencia Catastral</i>	<i>Parcela 36052A049003280000KY</i>
<i>Autor do Proxecto</i>	<i>Paulino Sánchez Chao, Arquitecto col. 2143.</i>
<i>Proxecto</i>	<i>Visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 21.07.2011 nº 1105038,1</i>
<i>Dirección de Obra</i>	<i>Paulino Sánchez Chao, Arquitecto col. 2143</i>
<i>Oficio de dirección</i>	<i>Visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia nº 1105038,2</i>
<i>Exposición pública</i>	<i>BOP</i>
	<i>DOGA</i>
	<i>Prensa</i>
<i>Orzamento (P.E.M.)</i>	<i>119.360,61 €</i>

#### **ANTECEDENTES:**

1. O 22 de Xullo de 2011, R.E. 3170, Don Paulino Sánchez Chao, en representación de INDEPENDENCIA 2 S.A. Presenta solicitude de Proxecto Básico e de Execución Rehabilitación de Edificación Anexa Exterior do Pazo de Trasfontao, no lugar do mesmo nome, na parcela de referencia catastral 36052A049003280000KY. Acompaña a solicitude de tres copias de memoria técnica, redactada polo Arquitecto Paulino Sánchez Chao, col. nº 2143 do COAG.

#### **INFORME:**

2. O solo onde se pretende a construcción está clasificado no Plan Xeral de

*Ordenación Municipal do Concello de Silleda, en aplicación da Disposición Transitoria Primeira "Réxime de Aplicación aos municipios con planeamento non-adaptado", da Lei 9/2002 do Solo de Galicia, coas sucesivas modificacións, como solo rústico.*

3. O artigo 40 LOUGA, Edificacións existentes de carácter tradicional ou de singular valor arquitectónico, establece o seguinte: "Permitírase en calquera categoría de solo rústico, logo da autorización autonómica segundo o procedemento establecido polo artigo 41, a reconstrución e rehabilitación das edificacións tradicionais ou de singular valor arquitectónico, que poderán ser destinadas a vivenda e usos residenciais, a actividades turísticas e artesanais ou a equipamentos de interese público. A reconstrución ou rehabilitación deberá respectar o volume edificable preexistente e a composición volumétrica orixinal."

4. Por outra parte, o edificio proxectado ubicase nas inmediacións do Pazo de Trasfontao, catalogado, entre outros, nas Normas Complementarias e Subsidiarias da Provincia de Pontevedra e no informe e anexos correspondentes rexistrados neste Concello o día 16 de agosto de 2001, R.E. 2407, subscrito pola dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia, no que aparece referenciado como Pazo de Transfontao e a Vía da Prata.

5. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, puntos, a xuizo deste arquitecto, propónse dar traslado dunha copia do expediente completo aos seguintes Organismos:

- Consellería de medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, servizo de Urbanismo, previos os trámites establecidos no artigo 41, a fin de que se tramite a autorización autonómica pertinente.
- Xefatura Territorial de Patrimonio Cultural a fin de que consulten sobre a viabilidade da edificación proposta, por ubicarse nas inmediacións do Pazo de Trasfontao, como se indica no punto 4 deste informe.

**Polo que o técnico que subscribe considera que a memoria presentada non contradí a Normativa urbanística autonómica e municipal, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, de cara á concesión de licencia municipal de obra, previa obtención das autorizacións sectoriais indicadas no punto 5 deste informe técnico.”**

*A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa, por unanimidade dos presentes, acorda:*

*Emitir informe municipal según o artigo 41 da LOUGA (L. 9/2002) para autorización urbanística autonómica.*

*Remiti-lo expediente completo a:*

- *Consellería de medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, servizo de Urbanismo, previos os trámites establecidos no artigo 41, a fin de que se tramite a autorización autonómica pertinente.*
- *Xefatura Territorial de Patrimonio Cultural a fin de que consulten sobre a viabilidade da edificación proposta, por ubicarse nas inmediacións do Pazo de Trasfontao como se indica no informe do Arquitecto asesor técnico do Concello.”*

Visto escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria - Delegación Territorial de Pontevedra, de data 12 de xullo de 2012, asinado polo Director Xeral de Patrimonio Cultura, (p.d. Resolución do 03-02-2012 o xefe do servizo de Coordinación da Área de Cultura, José Manuel González González, Rexistro de Saida da Xunta de Galicia nº 108988, de data 16 de xullo de 2012 e Rexistro de Entrada no Concello nº 3919, de data 18 de xullo de 2012), que literalmente di:

*“Exp.: 809/11  
Promotor: Independencia 2 SA  
Asunto: rehabilitación de edificación anexa exterior do pazo  
Documentación: proxecto modificado nº 1 do básico e de  
execución redactado polo arquitecto Paulino Sánchez Chao  
Situación: Trasfontao (Silleda)*

#### *ANTECEDENTES*

1. *Independencia 2 SA promove o expediente de rehabilitación de edificación anexa exterior do pazo de Trasfontao, no concello de Silleda.*
2. *Trátase dunha actuación no ámbito do pazo de Trasfontao, ben catalogado no planeamento municipal do concello e por tanto, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, forma parte do inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.*

*En consecuencia, de acordo co art. 54 da devandita lei, precisa da previa autorización da Consellería de Cultura.*

- 3 *Con data 29 de xuño de 2012 emitese informe técnico pola arquitecta do Servizo de Patrimonio Cultural en Pontevedra.*

*"Descripción das obras*

*As obras consisten na rehabilitación da edificación destinada a casa de invitados que completa o programa de vivenda como parte das edificaciáns vinculadas ao Pazo.*

*O estado actual: Estrutura de cuberta de madeira en bo estado coa cubrición recentemente restaurada. Xa non existe estrutura horizontal, e carece de carpinterías.*

*A nova estrutura resólvese con forxados mixtos aceiro-formigón, non se intervén na estrutura de cuberta.*

*A intervención exterior nos muros de mampostería consiste no saneado, retacado e encintado, polo interior trasdosaranse con espuma de poliuretano e fabrica lixeira tipo pladur sobre estrutura galvanizada.*

*Nos casos nos que a rasante exterior dos muros sexa mais alta que a cota da soleira interior, sanearase o traz dos exterior dos muros. O contacto co terreo resólvese con soleira de formigón.*

*A carpintería exterior será de madeira.*

*Antecedentes*

- *A CTPHP, en sesión de data 8 de maio de 2012, acorda:*

*Non se atopa impedimento para informar favorablemente sobre as obras solicitadas, se ben, deberá presentarse un proxecto técnico completo, corrixindo as discrepancias existentes entre os diferentes documentos, de xeito que se poda resolver o expediente. No proxecto presentado deberá definirse a escaleira existente de pedra e as actuacións sobre a mesma. Os muros deberán conservar o seu estado orixinal, sen encintar, e evitaranse as actuacións directas sobre os mesmos.*

*Na execución dos forxados evitaras e o contacto do formigón cos muros. As novas carpinterías de madeira manterán os despeces e sistemas de apertura tradicionais.*

- *Requírese ao concello aclaración sobre as obras recentes xa realizadas na cuberta.*

- *O concello da conta dunha licenza para a Restauración e ampliación de edificación para dedicala a restaurante. Compróbase que nesta Xefatura territorial existe o expediente 781/04 de Proxecto de restauración e ampliación de edificación secundaria e adxacente ao pazo de Trasforuao, que conta con resolución de autorizar de data 13-10-2004.*

*Consideracións*

- A actuación situase fora dos muros que delimitan o propio pazo e anexos.
- A actuación na cuberta realizada recentemente impide a apreciación do estado orixinal e a comparación co estado actual (altura, pendentes, configuración dos faldróns etc), mais o volume existente parece adaptarse as construcións do entorno.
- Mantense a escalaera de pedra na súa totalidade, intervindo únicamente na limpeza dos elementos e recolocacion dos primeiros chanzos actualmente desprazados.
- Manteñen os despeces tradicionais nas novas carpinterías.
- En canto os muros realzan os rexuntados profundos, sen encintar co fin de tapar ocos e evitar o paso da auga e aire.

#### Conclusións

Non se atopa impedimento en informar favorablemente, condicionando que se deberán eliminar as cabezas de dragóns existentes a maneira de gárgolas (ou xustificar si procede a colocación nesta edificación). Recoméndase realizar os canlóns e baixantes con materiais tradicionais.

O presente informe, ten carácter exclusivamente técnico e redáctase de forma independente a expensas de calquera outro mellor fundamentado e sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para o axuste á legalidade vixente da actuación pretendida".

- 4 A Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Pontevedra, na súa sesión do 3 de xullo de 2012, emite informe-proposta no que considera que se pode informar favorablemente sobre a rehabilitación de edificación anexa exterior do pazo, condicionando que se deberán eliminar as cabezas de dragóns existentes nos canlóns a maneira de gárgolas. Recoméndase realizar os canlóns e baixantes con materiais tradicionais.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- I É de aplicación na tramitación e resolución do presente expediente o recollido nas seguintes disposicións normativas:

- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de rexirne xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.
- Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.
- Decreto 39/2007, do 8 de marzo, polo que se regula a composición e funcionamento das comisións territoriais do Patrimonio Histórico Galego, modificado polo Decreto 103/2010, do 17 de xuño.
- Decreto 13/2012, do 4 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura

- *orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.*
  - *Decreto 45/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.*
  - *As demais normas de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e ordenación urbana (Lei 9/2002) en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.*
- 2 *Resolución do 3 de febreiro de 2012 pola que se delega nos titulares dos servizos de coordinación da área cultural das xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o exercicio de determinadas competencias (DOG nº 36 do 21 de febreiro).*
- 3 *De acordo co artigo 54 da Lei 8/1995 calquera intervención que se pretenda realizar nun ben inventariado deberá ser autorizada pola Consellería competente en materia de protección do Patrimonio, previamente á concesión da licenza municipal.*

*De acordo con todo o sinalado, no exercicio da competencia que me atribúe o Decreto 45/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e conforme ao disposto na resolución de 3 de febreiro de 2012 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se delega nos xefes dos servizos de coordinación da área cultural das xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o exercicio de determinadas competencias, e á vista do informado polos servizos técnicos do departamento territorial, de acordo coa Comisión territorial do Patrimonio Histórico,*

#### **RESOLVO**

*Autorizar a rehabilitación de edificación anexa exterior do pazo, condicionando que se deberán eliminar as cabezas de dragóns existentes nos canlóns a maneira de gárgolas. Recoméndase realizar os canlóns e baixantes con materiais tradicionais.*

*Esta autorización non exime das autorizacións sectoriais oportunas e do cumprimento da normativa urbanística vixente.*

*Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do dia seguinte ao da sua recepción, de acordo co artigo 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo*

*común, modificada pola Lei 4/1999.*

*Mediante este documento notifícase ao Concello de Silleda esta resolución segundo o esixido no artigo 58.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.”*

**Visto que, polo Servizo de Urbanismo - Xefatura Territorial de Pontevedra - Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestructuras, remítense escrito de data 24 de setembro de 2012, asinado polo xefe do Servizo de Urbanismo, Alberto Castrillo Escobar, (Rexistro de Saida da Xunta de Galicia nº 135293, de data 25 de setembro de 2012 e Rexistro de Entrada no Concello nº 5072, de data 27 de setembro de 2012), que literalmente dí:**

*“Ref.: 12-013*

*Asunto: Notificación de resolución*

*A secretaría xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, o 24.09.2012, ditou a resolución que se transcribe:*

***"RESOLUCIÓN DO 24 DE SETEMBRO DE 2012 SOBRE A SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA EN SOLO RÚSTICO PARA REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN TRADICIONAL, NO LUGAR DE SANTA BAIA DE SILLEDÀ-TRANSFONTAO, DO CONCELLO DE SILLEDÀ (EXPDT 12/013).***

*Examinada a documentación que consta no expediente instruído ao abeiro do establecido no artigo 41 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante LOUG), e á vista dos informes do Servizo de Urbanismo de Pontevedra que constan no expediente, resulta:*

#### **ANTECEDENTES**

*1. Con data 10.02.2012 tivo entrada no edificio administrativo de Pontevedra a remisión polo concello de Silleda do expediente administrativo municipal no que INDEPENDENCIA2, SA solicita autorización da Comunidade Autónoma en solo rústico previa á concesión da licenza urbanística municipal, para a rehabilitación dunha edificación tradicional anexa ó Pazo de Transfontao, no lugar de Santa Baia de Silleda-Transfontao, do Concello de Silleda (Pontevedra). Coa solicitude achegan, entre outros documentos:*

- unha copia do proxecto redactado polo arquitecto Paulino Sánchez Cao e*

- visado o 21.07.2011;*
- *unha copia do anuncio publicado no xornal "Faro de Vigo" o día 13.08.2011 e da certificación da secretaria do Concello de Silleda de data 12.09.2011 do trámite de exposición pública e da non presentación de alegacións ó mesmo;*
  - *unha copia do informe de 18.11.2011 do Concello de Silleda no que indica que os terreos atópanse en solo clasificado como solo rústico e nas inmediacións do Pazo de Transfontao, que é un ben catalogado.*
  - *unha copia da certificación do acordo de 30.12.2011 da Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda no que se ordena a remisión do expediente a esta Consellería.*

*Con data 15.06.2012 tivo entrada no edificio administrativo de Pontevedra a remisión polo concello de Silleda do modificado do proxecto presentado por INDEPENDENCIA2, SA, redactado polo arquitecto Paulino Sánchez Cao en maio de 2012 e sen visar.*

*2. As obras e intervencións para as que se solicita a autorización, segundo o proxecto*

*redactado polo arquitecto Paulino Sánchez Cao e visado o 21.07.2011 co modificado do redactado polo mesmo arquitecto en maio de 2012 e sen visar, son as seguintes: a legalización do cambio de cuberta dunha edificación tradicional (ó que posteriormente se engadirá a dun alpendre próximo de 63'34 m<sup>2</sup>) e a súa rehabilitación construíndo unha estrutura horizontal e redistribuíndo o espazo interior para dormitorios, cuartos de baño e sala para invitados, saneando os muros exteriores e construíndo unha soleira de formigón na planta baixa, sen variar nas construcións a volumetría orixinal.*

*3. Solicitada documentación complementaria, o dia 20.07.2012 tivo entrada no edificio administrativo de Pontevedra a remisión polo concello de Silleda de, entre outros documentos:*

- *unha copia da autorización outorgada o 12.07.2012 pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural condicionada a que se eliminan as gárgolas dos canlóns certificación do Rregistro da Propiedade de data 06.07.2012 no que figura o pleno dominio do terreo e a edificación por parte de INDEPENDENCIA 2,SA*
- *o documento no que o arquitecto se compromete a corrixir as repercusións que produza a implantación das actuacións solicitadas na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes, a prestar as garantías que lle sexan esixidas pola Administración e a facer constar no Rregistro da propiedade a vinculación da total superficie real do predio á construcción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas*

- *limitacións ao uso e edificabilidade impostas pola autorización autonómica, de conformidade co disposto no artigo 42.1.a) e e) da LOUG certificacións catastrais dos bens inmobles con referencia 000801000NH62E0001SD, na que figura como ano de construcción do local principal o 1930 e unha superficie construída de 194 m<sup>2</sup>, e con referencia 000801100NH62E0001ZD, na que figura como ano de construcción do local principal o 1930 e unha superficie construída de 62 m<sup>2</sup>*
- *unha modificación do arquitecto Paulino Sánchez Cao no que engade os planos A1.1e 01.1, onde se reflicte a actuación sobre un alpendre existente no terreo, tamén tradicional.*

4. Con data 23.07.2012 tivo entrada no edificio administrativo de Pontevedra a remisión polo concello de Silleda dunha copia da certificación do informe favorable de data 03.07.2012 da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Pontevedra ó proxecto condicionado á eliminación das gárgolas dos canlóns. O 01.08.2012 recíbese o documento no que o representante da propiedade formaliza o compromiso previsto no artigo 42.1. a) e e) da LOUG e unha separata do proxecto redactada polo arquitecto Paulino Sánchez Cao en xullo de 2012 na que se recolle a solicitude de modificación catastral das fincas (que pasan a ter a referencia 36052A049003280000KY), a actuación sobre o alpendre de planta rectangular próximo, pechado por dous dos seus lados polo muro que forma o propio peche da parcela cunha altura de 3 m., cunha cuberta definida por tesouras e vigas de madeira apoiadas sobre o muro e rematada con tella cerámica. O alpendre ten uso de aparcadoiro.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. O planeamento vixente no concello de Silleda é o Plan xeral de ordenación municipal, aprobado definitivamente en data 4 de xuño de 1981. Segundo este, a parcela obxecto da actuación está clasificada como solo non urbanizable normal.

2. De conformidade co establecido no artigo 32 da LOUG, á parcela correspónelle a categoría de solo rústico de protección ordinaria.

3. O artigo 31 da LOUG recolle o principio xeral que determina que os propietarios de solo rústico terán dereito a gozar e dispoñer deles de conformidade coa natureza e destino rústico daqueles, e establece que deberán destinalos a fins agrícolas, forestais, gandeiros, cinexéticos, ambientais, ou a outros usos vinculados á utilización racional de recursos naturais dentro dos límites que, se é o caso, e por esta orde, establezan a legislación sectorial aplicable, esta lei, o planeamento urbanístico e os instrumentos de ordenación do territorio; *solicitar autorización da Comunidade Autónoma e a oportuna licenza municipal para o exercicio das actividades previstas no artigo 33 e cumplir as obrigacións e condicións sinaladas*

*nesta lei segundo a categoría de solo rústico, así como as maiores restricións que sobre elas impóna o planeamento urbanístico.*

*4. A solicitude de rehabilitación dunha edificación tradicional destinada a vivenda e dun alpendre destinado a aparcadoiro formulase ao abeiro do disposto no artigo 40 da LOUG, de que se permitirá en calquera categoría de solo rústico, logo da autorización autonómica, a reconstrucción e rehabilitación das edificacións tradicionais, que poderán ser destinadas a vivenda e usos residenciais; e de que poderá permitirse por razóns xustificadas a súa ampliación sen superar o 10% do volume orixinario.*

*Segundo a documentación achegada e o informe técnico do Servizo de Urbanismo de Pontevedra, determinadas actuacións xa están executadas; así, na edificación principal, a estrutura inclinada da cuberta foi obxecto de recuperación antes da compra dos actuais propietarios e, no alpendre tamén se realizaron actuacións (a parede lateral dereita recibida e pintada, a soleira e a cuberta definida por tesoiras e vigas de madeira, apoiadas sobre o muro e sobre lintel sostido por piares de madeira sobre zapatas de pedra, retellado con tella cerámica). En consecuencia, trátase da súa legalización.*

*No presente caso, non hai variación da volumetría orixinal; daquela a actuación proxectada é conforme co establecido nos devanditos artigos.*

*5. A competencia para resolver as solicitudes de autorización autonómica en solo rústico corresponde á secretaría xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, de conformidade co establecido no artigo 41.2.e) da LOUG, en relación co disposto no artigo 10 do Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.*

*Á vista do exposto, RESOLVO:*

**CONCEDER** a INDEPENDENCIA2, SA autorización da Comunidade Autónoma para usos e actividades construtivas en solo rústico, co obxecto de rehabilitar dunha edificación tradicional e un alpendre tradicional, anexos ao Pazo de Transfontao, legalizando as obras executadas na edificación e no alpendre, no lugar de Santa Baia de Silleda-Transfontao, do Concello de Silleda (Pontevedra), na parcela coa referencia catastral 36052A049003280000KY, segundo os termos do proxecto redactado polo arquitecto Paulino Sánchez Cao e visado o 21.07.2011, coas modificacións das separatas de maio e xullo de 2012; coas seguintes condicións:

*1. De conformidad e co disposto no artigo 42.1.e) da LOUG, farase constar no Rregistro da propiedade a vinculación da total superficie real do predio á construcción*

e uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as seguintes limitacións ao uso e edificabilidade:

- Uso autorizado para a construcción principal: vivenda
- Uso autorizado para o alpendre: aparcadoiro
- Superficie construída total: 295,60 m<sup>2</sup>
- Incremento de volume: 0 %

2. As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados das edificacións serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do contorno.

3. Esta autorización queda sometida a condición suspensiva, no que atinxe ao inicio das obras e implantación do uso, ata que se xustifique o cumprimento das obrigas establecidas no artigo 42.1.a) e e) da LOUG. Para estes efectos será suficiente que o solicitante achegue ante o concello:

- O xustificador da prestación das garantías que o concello esixa, en particular, a prestación do aval a favor de este en garantía do exacto cumprimento dos compromisos asumidos.
- A certificación expedida polo Rexistro da Propiedade da vinculación da total superficie real do predio á construcción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas por esta autorización (artigo 42.1.e) da LOUG, en relación co disposto nos artigos 51.4 e 53.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo).

4. A presente autorización outórgase sen prexuízo das licenzas e demais autorizacións esixidas por outras disposicións, particularmente a autorización outorgada o 12.07.2012 pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural coa súa condición de que se eliminan as gárgolas dos canlóns.

Contra esta resolución que non pon fin á via administrativo, poderase interponer recurso de alzada ante o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes contado a partir do dia seguinte ao da súa notificación (artigos 48, 107.1º, 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común)".

A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos presentes, acorda a concesión da licencia de obra a INDEPENDENCIA 2, S.A., para rehabilitación de edificación tradicional e un alpendre tradicional, anexos ao Pazo de Transfontao, sito no lugar de Trasfontao (Silleda), según os datos obrantes no expediente e nos informes anteriormente transcritos.

**7.2.- VÁZQUEZ GONZÁLEZ JOSÉ MANUEL (REMITIR A URBANISMO, CULTURA E FOMENTO)**

**Ampliación de Vivenda Unifamiliar no lugar de Barrabaite, nº 36 - Lamela (Silleda).**

**A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía (Decreto 04.07.11), por unanimidade dos presentes acorda**

Examinado o expediente promovido por Dº José Manuel Vázquez González, en virtude de instancia de data 08 de febreiro de 2012, (Rexistro de Entrada nº 579 de data 08 de febreiro de 2012), solicitando Licencia de obra, para ampliación de vivenda unifamiliar no lugar de Barrabaite, nº 36, parroquia de Lamela (Silleda), segundo proxecto básico do Arquitecto Dº Santiago Martín Romaris García, sen visar.

**RESULTANDO:** Informe favorable do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 14 de agosto de 2012, no que tamén se incorpora informe xurídico de Juan Carlos Peteiro Rodríguez, de data 14 de agosto de 2012, manifestado conformidade co informe do arquitecto.

**RESULTANDO:** Que con data 14 de agosto de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítense informe no que se sinala:

<u>Solicitante</u>	<b><i>José Manel Vázquez González</i></b>		
<u>Data de rexistro</u>	<b><i>08.FEB.2012</i></b>	<u>Nº</u>	<b><i>579</i></b>
<u>Obra</u>	<b><i>Ampliación de vivenda unifamiliar</i></b>		
<u>Tipo de obra</u>	<b><i>Maior</i></b>		
<u>Emprazamento</u>	<b><i>Lugar de Barrabaite, nº 36, Lamela</i></b>		
<u>Referencia Catastral</u>	<b><i>36052D505005230000XK</i></b>		
<u>Autor do Proxecto</u>	<b><i>Santiago Martín Romaris García, Arquitecto colegiado número 3058</i></b>		
<u>Proxecto</u>	<b><i>Básico. Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)</i></b>		
<u>Dirección de Obra</u>	<b><i>n/d</i></b>		

*Oficio de Dirección*

*Dirección de n/d  
Execución*

*Oficio Direc.  
Execución*

*Exposición pública BOP*

*DOGA*

*Prensa*

*Orzamento (P.E.M.) 12.000,00 €*

**NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- 1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- 2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urgentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urgentes en vivenda e solo.
- 6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urgentes de modificación da L.9/2002
- 7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.
- 8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueoloxica en Galicia.
- 13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia
- 14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 15 Planeamento do Concello de Silleda
  - 15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
  - 15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 22/10/1991
  - 15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). aprobado definitivamente o 11/05/1995

- 15.4 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. aprobado definitivamente o 08/04/2002
- 15.8 P. Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 22/10/1981
- 15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. aprobado definitivamente o 27/03/2007
- 15.11 E.D. Rua Butano. aprobado definitivamente o 26/01/1984
- 15.12 E.D. Calello da Feira. aprobado definitivamente o 26/01/1984
- 15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. aprobado definitivamente O 26/01/1984

#### 1.16 Concordantes

##### ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe a solicitude asinada por José Manel Vázquez González, presentado con R.E. 579 de 08.FEB.2012. Aporta dúas copias de proxecto técnico asinado por Santiago Martín Romarís García, Arquitecto colexiado número 3058.
2. O proxecto conta coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licencia municipal de obras, a excepción dos oficios de dirección e dirección da execución que se deberán requisitar ao promotor. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte:

##### INFORME TÉCNICO:

3. O solo onde se pretende a actividade encontrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo rústico.
4. A solicitude de ampliación de vivenda unifamiliar nesta clase de solo precisa de

*autorización autonómica sinalada no artigo 40 que se transcrebe:*

*"Artigo 40. Edificacións existentes de carácter tradicional ou de singular valor arquitectónico.*

*(..)*

*Así mesmo, logo da autorización autonómica, poderá permitirse por razóns xustificadas a súa ampliación, incluso en volume independente, sen superar o 10 % do volume orixinario da edificación tradicional. Excepcionalmente, a ampliación poderá alcanzar o 50 % do volume da edificación orixinaria cumprindo as condicións establecidas polos artigos 42 e 44 desta lei"*

*Segundo se indica no punto 2 da memoria, "a ampliación non supera o 10% do volume de ampliación máxima. (...)".*

*5. O proxecto presentado non contradí os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.*

<b>PARÁMETRO</b>	<b>Lei 9/2002</b>	<b>PROXECTO</b>
<b>Parcela mínima edificable</b>	<b>3000 m<sup>2</sup></b>	<b>3800,00 m<sup>2</sup></b>
<b>Altura máxima</b>	<b>7 metros (B+ 1)</b>	<b>6,66</b>
<b>Pendente de cuberta</b>	<b>Según tipoloxía da zona e máximo 40°</b>	<b>22°</b>
<b>Material de cubrición</b>	<b>Según tipoloxía do zona, tella cerámica</b>	<b>Existente. Tella cerámica</b>
<b>Recuamentos a vías</b>	<b>Maiores de 4 metros do eixo</b>	<b>Existente</b>
<b>Recuamentos a linderos</b>	<b>5 metros</b>	<b>Existente</b>

*6. O proxecto presentado dá cumprimento á normativa vixente en materia de Accesibilidade de Galicia, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.*

*7. No apartado 4 da memoria presentada xustifícase o cumprimento das Normas de Habitabilidade de vivendas en Galicia, só de aplicación neste caso para a parte ampliada da vivenda.*

*8. O proxecto presentado dá cumprimento ao establecido no Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na*

*documentación gráfica do proxecto.*

*9. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.*

*10. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuizo deste arquitecto, proponese dar traslado, previos os trámites pertinentes, dunha copia do expediente completo aos seguintes Organismos, a fin de que emitan informe previo á concesión de licencia municipal:*

- 10.1 Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que se tramite Autorización Autonómica previa á ampliación solicitada.*
- 10.2 Polas inmediacións da vivenda que se pretende ampliar discorre o camiño coñecido como Vía da Prata. Por tanto, deberá recabar previamente a autorización da Consellería de Cultura para a actuación solicitada.*
- 10.3 Delegación Provincial do Ministerio de Fomento pola afección da Estrada Nacional 525.*

*Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, e propone para a concesión de licencia municipal de obra e provisional de actividade, con arreglo ás limitacións que establezan os informes sectoriais sinalados no punto 10 deste informe técnico.*

*Porén, non poderar iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:*

- 1. Proxecto de execución que desenvolva o proxecto básico obxecto deste informe.*
- 2. Estudio ou estudio básico de seguridade e saúde.*
- 3. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras.”*

**A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcadesa, por unanimidade dos presentes, acorda:**

Remiti-lo expediente completo a:

- 1 Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio*

e Infraestruturas, a fin de que se tramite **Autorización Autonómica** previa á ampliación solicitada.

- 2 Polas inmediacións da vivenda que se pretende ampliar discorre o camiño coñecido como **Vía da Prata**. Por tanto, deberá recabar previamente a autorización da **Consellería de Cultura** para a actuación solicitada.
- 3 Delegación Provincial do **Ministerio de Fomento** pola afección da Estrada Nacional 525.

### **7.3.- COGAMI (LICENZA DEFINITIVA DE ACTIVIDADE)**

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes acorda:

Licencia N° 803/12. Visto o expediente instruido a instancia de Dº Anxo Queiruga Vila, en representación de Confederación Galega de Pessoas con Discapacidade (COGAMI), solicitando Licencia de actividad, na finca número 862, polígono 510 do plano catastral, para Centro de Recursos para Pessoas con Discapacidade, nas proximidades do lugar de Medelo, Manduas (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 09 de marzo de 2012 acorda:

“4.- *Licencia provisional de actividad. Finca nº 862, polígono 510 do plano catastral. Centro de Recursos para personas con Discapacidade, nas proximidades do lugar de Medelo, Manduas (Silleda) Anxo Queiruga Vila, e/r CONFEDERACIÓN GALEGA DE PESSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI):*

(...) A Xunta de Goberno Local, acorda a concesión da licencia provisional de actividad.”

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 04 de abril de 2012 acorda:

“2.- *Corrección de errores. Acordo da Xunta de Goberno Local do 09-03-12. Anxo Queiruga Vila, en representación de Confederación Galega de Pessoas con Discapacidade (COGAMI).*

*Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do 09-03-12 en relación o*

*expediente tramitado a nome de Dº Anxo Queiruga Vila, en representación de Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), solicitando Licencia de actividade, na finca número 862, polígono 510 do plano catastral, para Centro de Recursos para Persoas con Discapacidade, nas proximidades do lugar de Medelo, Manduas (Silleda).*

*Advertido erro no informe técnico do arquitecto asesor do Concello, Lino Doporto Framil, de data 09-03-12 (no punto 3 do informe citado) procédese a corrección deste errores mediante novo informe do mesmo técnico e xurídico de Juan Carlos Peteiro Rodríguez, ambos de data 30-03-12, e como consecuencia a Xunta de Goberno Local acorda correxir este erro no acordo da Xunta de Goberno Local do 09-03-12, resultando aprobado por delegación da Alcaldesa (decreto 04-07-11) por unanimidade dos presentes este acordo:*

*Licencia 803/12. Visto o expediente promovido por Dº Anxo Queiruga Vila, en representación da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), en virtude de instancia de data 21 de febreiro de 2012, rexistro de entrada nº 803 de data 21 de febreiro de 2012, solicitando Licencia de actividade para Centro de Recursos para Persoas con Discapacidade, na finca número 862, polígono 510 do plano catastral, situadas nas proximidades do lugar de Medelo, Manduas (Silleda).*

*Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 12 de xaneiro de 2011 acorda:*

*“A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico de data 20 de decembro de 2010 e o informe xurídico de data 11 de xaneiro de 2011, acorda por unanimidade:*

*1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licencia que se solicita nos termos que se expresan a continuación:*

- a) *NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: Dº Anxo Antón Quiruga Vila en representación da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI).*
- b) *FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: Rehabilitación e ampliación dun conxunto de edificacións para destinalas a centro de recursos para persoas con discapacidade.*
- c) *SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Finca nº 862, polígono 510, do plano catastral, situadas nas proximidades do lugar de Medelo, parroquia de Manduas (Silleda).*
- d) *TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DÍRECTOR DAS OBRAS:*

*Autor do proxecto de execución: Arquitectos Dº Oscar Andrés Quintela, Dº Iván Andrés Quintela e Dª Lourdes Pérez Castro (visado polo colexio oficial correspondente o 15 de abril de 2009). Oficio de Dirección visado polo colexio oficial correspondente o 06 de agosto de 2008.*

e) *CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 865.344,09 €.*

*Visto que pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, (Rexistro de entrada nº 846 de data 26 de febreiro de 2010) remítense resolución da presidenta do organismo autónomo Augas de Galicia, de data 22 de febreiro de 2010, na que se autoriza a execución das obras de rehabilitación e construcción na zona de polaia do río Toxa, debéndose axustar as seguintes condicións:*

**“Xerais:**

*1.- As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.*

*2.- Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro e salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumbres legais existentes.*

*3.- Toda modificación das características da presente autorización requerirá a previa aprobación do organismo autónomo Augas de Galicia.*

*4.- A inspección e vixiancia das obras, tanto durante a sua construcción como no período de explotación, estarán a cargo do organismo autónomo Augas de Galicia, e serán pola conta do beneficiario as remuneracións e os gastos que por esos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.*

*5.- Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes, ou que no sucesivo se dicten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como, en xeral, ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescripcións específicas que lle sinale o organismo competente en materia de calidade medioambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.*

*6.- O titular da autorización será responsable de quaisquer danos e*

*perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, e quedará obrigado a súa indemnización e a realizar os traballos que a Administración lle ordene para a reparación dos danos. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalacións que se autorizan.*

*7.- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento de calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis. A revogación declararase por resolución motivada do organismo autónomo Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desague e o respecto ás servidumes legais.*

*8.- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude de disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións e, en particular, da licenza municipal de obras.*

Particulares:

*1.- As obras consisten na rehabilitación das edificacións existentes na finca nº 862 do polígono 510 do Catastro de Rústica de Silleda e a súa interconexión mediante unha edificación nova de 175 m<sup>2</sup> de superficie. A actuación, emprazada na zona de polaía do río Toxa e dun afluente inominado, no lugar de Ponte Medelo, estará a unha distancia mínima de 42,80 m. do dominio público hidráulico. A diferenza de altura entre a base das obras e o cauce do río Toxa será duns 4,20 metros.*

*A rehabilitación incluirá a substitución da estructura interna, colocación de cubertas de tella cerámica e reparación dos pechamentos exteriores das construcións actuais. Estas comunicaranse ,ediante unha edificación nova, de 33 m x 15 m, con planta baixa e primeira, de estrutura mixta metálica e madeira, pechamentos acristalados e cuberta de zinc.*

*A disponibilidade da auga para abastecemento garantírase mediante pozo solicitado neste organismo con clave DH.B36.16252, e para o saneamento instalarase unha fose séptica (solicitud de vertido presentada con data 28 de setembro de 2009).*

*2.- Manterase permanentemente expedita a zona de servidume de paso, consistente nunha banda de 5 m de ancho, medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enxentes ordinarias.*

3.- Prohibese expresamente utilizar as marxes fluviais e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria en xeral, todas aquellas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteración do ecosistema asociado.

4.- De xeito especial, prohibese verter no propio leito do río restos de formigón ou cemento, ou lavar materiais ou ferramentas que estiveran en contacto con eles, así como o cambio de aceite de maquinaria de construción.

5.- Unha vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquellas zonas quealgún xeito sufriren unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase a súa rehabilitación descontaminando a terra, se fora preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc. ata conseguir a súa situación primitiva.

6.- As obras comenzarán no prazo de dous (2) meses, contado a partir do día seguinte ao da recepción desta autorización. Este inicio dos traballos comunicáráselle a Augas de Galicia.

7.- As obras deberán estar rematadas no prazo de doce (12) meses a partir do seu comienzo. Finalizado este prazo extinguirase a validez da autorización, a non ser que se solicite e obteña unha prórroga antes do esgotamento do prazo.

8.- Rematadas as obras, comunicáráselle ao organismo autónomo Augas de Galicia para o seu recoñecemento final."

Visto que pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo (Delegación territorial de Pontevedra), (Rexistru de entrada nº 1869 de data 30 de abril de 2010) remítense resolución de data 21 de abril de 2010, na que se autoriza a rehabilitación e ampliación de conxunto de edificacións, coa condición de que o revestimento exterior do núcleo de formigón (que alberga aseos e ascensor) en patio, que se identifica no proxecto como VE 14, deberá realizarse con listóns de madeira de iroko en todo o seu perímetro, para conseguir a súa integración co resto da actuación e no conxunto das edificacións.

Visto que pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (departamento territorial de Pontevedra- Servizo de Urbanismo), (Rexistru de entrada nº 5327 de data 01 de decembro de

2010) remítese resolución de data 24 de novembro de 2010, na que se autoriza a rehabilitación de edificacións tradicionais para un centro de recursos para persoas con discapacidade, nunha parcela coa referencia catastral 36052C510008620000TR, sita no lugar de Medelo, parroquia de Manduas, no concello de Silleda, segundo anteproyecto e anexos redactados polos arquitectos Oscar Andrés Quintela e Lourdes Pérez Castro, de datas 6 de agosto de 2008, 29 de xuño de 2010 e outubro 2010; coas seguintes condicións:

*"1. De conformidade co disposto no artigo 42.1.e) da LOUG, farase constar no Rexistro da Propiedade e vinculación da total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as seguintes limitacións ao uso e edificabilidade:*

- *Superficie da parcela: 11.490 m<sup>2</sup>.*
- *Uso autorizado: equipamento para formación de persoas con discapacidade.*
- *Superficie construída total: 1.115,16 m<sup>2</sup>*
- *Incremento e volumen: 38,45%*
- *Distancia a lindeiros: superior a 5 m.*
- *Altura máxima: inferior a 7 m.*
- *Ocupación máxima: 5,74 %*

*2. As características tipolóxicas, etéticas e constructivas e os materiais, cores e acabados das edificacións serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do contorno. Axustarase ás condicións edificadorias que constan na autorización da Consellería de Cultura e Turismo do 21 de abril de 2010.*

*3. Esta autorización queda sometida a condición suspensiva, no que atinxe ao inicio das obras e implantación do uso, ata que se xustifique o cumprimento das obrigas establecidas conforme o artigo 42.1.a) e e) da LOUG. Para este efecto será suficiente que o solicitante achegue ante o concello:*

- *O xustificador da prestación das garantías que o concello esixa, en particular, a prestación do aval a favor de este en garantía do exacto cumprimento dos compromisos asumidos.*
- *A certificación expedida polo Rexistro da Propiedade da vinculación da total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas por esta autorización (artigo 42.1.e) da LOUG en relación co*

*disposto nos artigos 51.4 e 53.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo).*

*4. A presente autorización autorgase sen prexuízo das licenzas e demais autorizacions esixidas por outras disposicions legais."*

*Visto que pola Conselleria de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, (Rexistru de entrada nº 5481 de data 15 de decembro de 2010) remítense resolución da presidenta do organismo autónomo Augas de Galicia, de data 07 de decembro de 2010, na que se reconece o Concello de Silleda o dereito ó uso privativo do seguinte aproveitamento:*

*"Situación xeográfica:*

<i>Polígono númer.:</i>	<i>510</i>
<i>Parcela númer.:</i>	<i>862</i>
<i>Referencia catastral:</i>	<i>36052C510008620000TR</i>
<i>Coord. UTM:</i>	<i>X:0558827 Y: 4732410</i>
<i>Lugar:</i>	<i>Medelo</i>
<i>Parroquia:</i>	<i>Manduas</i>
<i>Concello:</i>	<i>Silleda</i>
<i>Superficie parcela:</i>	<i>11.490 m<sup>2</sup></i>

*Réxime do aproveitamento:*

<i>Caudal máximo instantáneo:</i>	<i>0,15 litros/segundo</i>
<i>Caudal medio equivalente:</i>	<i>0,04 litros/segundo</i>
<i>Volume máximo anual:</i>	<i>1.254 m<sup>3</sup>.</i>
<i>Destino das augas:</i>	<i>Uso sanitario (57 persoas)</i>

*Inscribi-lo aproveitamento citado no Rexistru de Augas do organismo autónomo Augas de Galicia.*

*O aproveitamento indicado queda suxeito ás seguintes prescriccions:*

*1.- Non se poderá utilizar máis caudal que o fixado, nin modifica-lo destino establecido. Se se desexa incrementa-lo caudal ou modifica-lo seu destino, solicitarase unha nova autorización a Augas de Galicia.*

*Para garantir que non se superen os caudais ou volumes concedidos, é obligatoria a instalación dun contador homologado, sendo os agostos por conta do titular do aproveitamento. A devandita instalación deberá ser efectuado no prazo de dous (2) meses desde*

*a recepción da presente resolución, e deberá comunicalo a Augas de Galicia, para proceder á visita de recoñecemento final.*

*2.- A auga só poderá ser utilizada dentro do rpedo no que nace ou se alumea.*

*3.- Calquera cambio na titularidade do terreo que afecte ó aproveitamento ou ás características deste comunicarase a Augas de galicia ós efectos de control, estatística e de inscricións no Rexistro de Augas.*

*4.- Prohibese terminantemente o vertido de augas residuais ás canles públicas sen a preceptiva autorización deste organismo autónomo.*

*5.- Este aproveitamento queda suxeito ó pago dun canon e taxas que poida impo-lo organismo autónomo Augas de Galicia pola utilización do dominio público hidráulico.*

*6.- Deberanse cumprir, en todo caso, as normas contidas na Lei de augas, e no Regulamento do dominio público hidráulico, así como as demais disposicións complementarias que sexan de aplicación, en especial as derivadas da prohibición do abuso do dereito.*

*7.- Esta resolución faise sen prexuízo de terceiros e salvando o dereito de propiedade, sen que supoña exención doutras autorizaciós que sexan procedentes conforme á lexislación aplicable.*

*8.- O presidente do organismo autónomo Augas de Galicia poderá revogar esta resolución, sen que haxa dereito a ningunha indemnización, polo incumprimento dalgunha das súas condicións, polo abuso do dereito na utilización das augas, o desperdicio ou mal uso delas.”*

f) *CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico, e os especificados anteriormente e no informe do arquitecto asesor técnico municipal, de data 20 de decembro de 2010 no que se sinala:*

*“- A presentación, antes do inicio das obras, do nomeamento de coordinador de seguridade e saúde, asinados por técnico competente e visados polos colexios profesionais correspondentes.*

*- O cumprimento dos condicionantes establecidos nas resolucións dos*

*organismos nos que se tramitaron as preceptivas autorizacións (relacionadas nos puntos 5, 6, 7 e 8 dos antecedentes deste informe técnico), así como os derivados dos trámites das mesmas.*

*- Prazo de execución: 3 anos."*

- g) *PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS: De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licencia caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comenzo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.*
- h) *OUTROS:*  
*-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparelador, nº de licencia e data da licencia, e debendo cumplir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licencia 587/10.*

*2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construccions que ascende a 31,00€ (Informe Técnico) e 19.470,24€ (ICIO) que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais."*

*RESULTANDO: Que con data 30 de marzo de 2012 por Juan Carlos Peteiro Rodriguez emítense informe xurídico mostrando a súa conformidade co expresado no informe do Arquitecto Asesor Técnico.*

*RESULTANDO: Que con data 30 de marzo de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítense informe técnico favorable no que se sinala:*

"

Solicitante	<b>Anxo Queiruga Vila, e/r CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)</b>			
Data de rexistro	40959	Nº 803	Data escrito	40959
Obra	<b>Actividade para Centro de Recursos para Pessoas Discapacitadas</b>			
Tipo de obra	<b>Actividade</b>			

<i>Emprazamento</i>	<i>Finca número 862, polígono 510, do plano catastral, situadas nas proximidades do lugar de Medelo, Manduas</i>
<i>Referencia Catastral</i>	<i>36052C510008620000TR (Parcela)</i>
<i>Autor do Proxecto</i>	<i>Oscar Andrés Quintela, Iván Andrés Quintela e Lourdes Pérez Castro, Arquitectos</i>
<i>Proxecto</i>	<i>De Actividade Visado polo Colexio Oficial 17/02/2012</i>
<i>Dirección de Obra</i>	<i>n/d</i>
<i>Oficio de Dirección</i>	<i>Sen visar (Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado colegial obligatorio)</i>
<i>Dirección de Execución</i>	<i>n/d</i>
<i>Oficio Direc. Execución</i>	<i>Sen visar (Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado colegial obligatorio)</i>
<i>Exposición pública</i>	<i>BOP</i>
	<i>DOGA</i>
	<i>Prensa</i>
<i>Orzamento (P.E.M.)</i>	<i>n/d</i>

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1.1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- 1.2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 1.3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 1.4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urgentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 1.5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urgentes en vivenda e solo.
- 1.6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urgentes de modificación da L.9/2002
- 1.7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.
- 1.8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 1.9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 1.10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 1.11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 1.12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueoloxica

en Galicia.

1.13 Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia

1.14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.

**1.15 Planeamento do Concello de Silleda**

1.15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.

1.15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991

1.15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995

1.15.4 M.P. PXOU en Bandeira, reducción do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995

1.15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002

1.15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002

1.15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002

1.15.8 P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981

1.15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002

1.15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007

1.15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984

1.15.12 E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984

1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984

**1.16 Concordantes**

**ANTECEDENTES:**

1. En data 11-agosto-2008 (registro de entrada 4.234) consta presentado neste Concello solicitude de licenza de obras para a rehabilitación e ampliación dun conxunto de edificacións para destinalas a centro de recursos para persoas con discapacidade, situadas próximas o lugar de Meledo, parroquia de Manduas (Silleda); xúntase coa solicitude proxecto básico asinado polos arquitectos D. Oscar Andrés Quintela, D. Iván Andrés Quintela e Dª. Lourdes Pérez Castro, e visado polo colexio oficial de arquitectos de Galicia en data 6-agosto-2008.

2. En data 2-febreiro-2009 a Xunta de goberno local deste Concello, acordou outorgar licenza de obras a "Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)", para a rehabilitación e ampliación dun conxunto de edificacións para destinalas a centro de recursos para persoas con discapacidade, emprazadas na finca nº 862, polígono 510 do plano catastral, próxima o lugar de Medelo, parroquia de Manduas (Silleda)

3. En data 17-marzo-2009 (registro de entrada 1.233), consta escrito remindo polo

*departamento de Infraestruturas da Deputación provincial, onde se especifica que as obras pretendidas atópanse fóra da zona de afección da estrada provincial.*

4. En data 10-agosto-2009 (rexistro de entrada 3.765), consta presentado neste Concello oficio de dirección técnicas das obras a nome do arquitecto técnico D. Bernardo Iago Diéguez Morán, e visado polo Colexio oficial de aparelladores e arquitectos técnicos de Pontevedra en data 23-xullo-2009.
5. En data 26-febreiro-2010 (rexistro de entrada 846), consta documento emitido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Augas de Galicia), no que se autorizan as obras de rehabilitación e construcción dunha nova edificación, na zona de polaía do río Toxa, no lugar de Medelo, parroquia de Manduas, no concello de Silleda, debendo cumplirse un serie de condicións.
6. En data 30-abril-2010 (rexistro de entrada 1.869), consta documento emitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo (delegación territorial de Pontevedra), no que resolve autorizar as obras pretendidas, con determinadas condicións de edificación.
7. En data 1-decembro-2010 (rexistro de entrada 5.327), consta documento emitido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (departamento territorial de Pontevedra, servizo de urbanismo), no que resolve conceder, cunha serie de condicións, a autorización da Comunidade Autónoma para as obras de rehabilitación e ampliación pretendidas.
8. En data 15-decembro-2010 (rexistro de entrada 5.481), consta resolución emitida polo Servizo Territorial Zona Galicia Sur, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Augas de Galicia), na que propón recoñecer o dereito ó uso privativo dun pozo situado na parcela na que se atopan as edificacións obxecto de vivenda obxecto de rehabilitación e ampliación, así como inscribi-lo aproveitamento citado no Rexistro de Augas do organismo autónomo Augas de Galicia, e todo elo suxeito a unha serie de prescripcións.
9. A Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda, en sesión celebrada o dia 12 de xaneiro de 2011, adoptou, entre outros, o acordo de conceder, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licencia municipal de obra para "Rehabilitación e ampliación dun conxunto de edificacións para destinalas a centro de recursos para persoas con capacidade".
10. O dia 21 de febreiro de 2012, R.E. 803 do mesmo dia, Anxo Queiruga Vila solicita licenza de actividade para centro de persoas con discapacidade, acompañada da documentación obxecto deste informe técnico.

11. O dia 29 de febreiro de 2012, r.e. 917, ten entrada neste Concello escrito da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia (r.s. 7886 de 27.feb.2012), autorización para un Centro de Día para persoas con discapacidade sito no lugar de Medelo, Manduas, promovida pola entidade Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), sen prexuízo doutras autorizaciones administrativas esixibles.

12. O dia 29 de febreiro de 2012, r.e. 918, ten entrada neste Concello escrito da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia (r.s. 7891 de 28.feb.2012), autorización para un Centro Ocupacional sito no lugar de Medelo, Manduas, promovida pola entidade Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), sen prexuízo doutras autorizaciones administrativas esixibles.

**INFORME TÉCNICO:**

13. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, Aprob. def. o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo rústico.

14. O uso solicitado conta con Autorización Autonómica, relacionada no punto 7 dos antecedentes deste informe.

15. Canto á tramitación ambiental, esta actividade encádrase dentro do Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, no Anexo III, actividades excluidas do procedemento de avaliación ambiental, puntos "4.3. Residencias de ancións, centros de dia e escolas infantís" e "4.4. Centros e academias de ensino, agás salas de baile, música e canto", e polo que, a xuízo do técnico que subscribe, enténdese excluida do procedemento de avaliación ambiental.

**Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, de cara á concesión de licencia provisional de actividade.”**

A Xunta de Goberno Local, acorda a concesión da licencia provisional de actividade, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe transscrito, sinala o Arquitecto Asesor Técnico, non podendo comenzar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico

*director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia.”*

Vista a Acta de comprobación para o exercicio de actividades clasificadas, de data 08 de outubro de 2012, asinada polo Arquitecto Asesor Técnico Municipal, Lino Manuel Doporto Framil e o titular da actividade, Josefina García Iglesias, en representación da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), que literalmente dí:

**“ACTA DE COMPROBACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS**

**Actividade:** “Centro de recursos para persoas discapacitadas na parcela número 862, polígono 510 do plano catastral, situada nas proximidades do lugar de Medelo, Manduas (Silleda)”.

**Certificación** Segundo CERTIFICACIÓN FINAL DE OBRA do arquitecto técnico e director da execución da obra, Don Bernardo Diéguez Morán, e dos técnicos Don Óscar Andrés Quintela, Ivan Andrés Quintela e Lourdes Pérez Castro, arquitectos e directores da Obra, de data 07-03-12, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 11 de Abril de 2012, e con ENTRADA no Concello de SILLEDA:

Data: 23-Xullo-2012.

Nº de rexistro: 3987

**Titular da actividade:** Anxo Queiruga Vila, e/r de COGAMI.

No termo municipal de SILLEDA, na parcela número 862, polígono 510 do plano catastral, situada nas proximidades do lugar de Medelo, Manduas (Silleda), persoáñanse ás 10:00 horas do dia 08-Outubro-2012, o Arquitecto Asesor Técnico, D. Lino Manuel Doporto Framil, en presencia de Dona Josefina García Iglesias, con D.N.I. 35.434.061-P, e efectua a visita de comprobación demandada pola interesada en data 23-xullo-2012 e referida á licencia municipal de obra según COMISIÓN DE GOBIERNO do día 12-xaneiro-2011.

Procedese, en primeiro lugar, a comprobar se o emprazamento axustase ó proxecto aprobado, constando CERTIFICACIÓN DE FINALIZACIÓN DE OBRAS.

A continuación examinase si se adoptaron todas as medidas correctoras impostas na licencia e constátanse visualmente que as medidas correctoras foron adoptadas.

De todo isto resulta que SI pode iniciarse a actividade de “Centro de recursos para

*pessoas discapacitadas na parcela número 862, polígono 510 do plano catastral, situada nas proximidades do lugar de Medelo, Manduas (Silleda). ”.*

**A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación de data 08 de outubro de 2012 e o acordo da Xunta de Goberno Local do 04 de abril de 2012 acorda: a concesión de licencia de actividade definitiva a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), para Centro de recursos para persoas discapacitadas na parcela número 862, polígono 510 do plano catastral, situada nas proximidades do lugar de Medelo, Manduas (Silleda).**

**8º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CREACIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA E A SITUACIÓN DO CONCELLO DE SILLEDA NA MESMA, REFERIDA AO PROXECTO SOTERRAMENTO DE INFRAESTRUCTURAS ELÉCTRICAS NA RÚA MARÍA COLMEIRO E CARBALLEIRA DO CHOUSAÑO.**

**Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 08 de outubro de 2012, que literalmente dí:**

*“Vista a notificación pola que se comunica a creación dunha lista de reserva e a situación do Concello de Silleda na mesma, referida ao proxecto Soterramento de Infraestruturas eléctricas na rúa María Colmeiro e Carballeira do Chousaño, con data de entrada o 4 de outubro de 2012 (número de rexistro 5193)*

*Visto que no citado escrito se da conta da Resolución pola que se proceda a crear unha lsita de reserva das axudas ao abeiro da orde do 1 de xuño de 2012 pola que se establecen as bases para a concesión en réxime de concurrencia competitiva, das axudas para o soterramento de infraestruturas eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder)*

*Visto que na citada lista constan un total de 70 solicitudes admitidas , que presentaron toda a documentación administrativa requerida na orde e que cumplen todos os requisitos para ter a condición de beneficiario*

*Visto que o Concello de Silleda figura na referida lista co número 36*

*Propónse a adopción do seguinte acordo:*

*- Dar conta do citado escrito e do seu contido á Xunta de Goberno Local.”*

**A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, queda enterada desta proposta.**

**9º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ESCRITO REMITIDO  
POLA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS DE DATA 27 DE  
SETEMBRO DE 2012 (R.E. N° 5221 DO 05.10.12)**

**Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 08 de outubro de 2012, que literalmente dí:**

*“Visto o escrito remitido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Xefatura Territorial de Urbanismo, de data 27 de setembro de 2012 (registro de entrada numero 5221, do 5 de outubro de 2012) sobre requerimento de documentación en relación ao expediente número 12-059, de solicitude de autorización previa para a construción de 16 panteóns no cemiterio de Lamela, solicitada pola Asociación de Veciños San Miguel da citada parroquia*

*Visto que o citado documento require que se presente a seguinte documentación, nun prazo de 15 días dende a recepción do escrito:*

*-Antecedentes das construccóns do cemiterio existente que aclaren a súa situación legal, a súa antigüidade e as licenzas urbanísticas que as amparen, de ser o caso*

*-Orixinal, ou copia cotexadas, da certificación catastral descritiva e gráfica da parcela que acredite a titularidade e superficie desta.*

*-Orixinal, ou copia cotexada, da escritura de propiedade ou certificación do Rexistrio da propiedade ou do Concello, descritiva da parcela e na que conste o seu titular.*

*-Documento no que se formalicen os compromisos do art. 42.1.a) e e), asinado polo propietario e o solicitante (xuntarase modelo adxunto ou similar)*

*Propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguintes acordos:*

*PRIMEIRO.- Dar conta do citado escrito á Xunta de Goberno Local*

*SEGUNDO.-Que dende o departamento municipal de Urbanismo se lle dé traslado á Asociación de Veciños San Miguel de Lamela do referido escrito da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.”*

**A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, queda enterada desta proposta.**

**10º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CESIÓN GRATUITA Á SOCIEDADE ESTATAL DE CORREOS E TELÉGRAFOS DUN LOCAL.**

**Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 08 de outubro de 2012, que literalmente dí:**

*“Visto que na sesión do Pleno da Corporación de data 26 de xullo de 2012 se acordou, a proposta da Alcaldía a cesión gratuita á Sociedad Estatal de Correos y Telégrafos dun local de 10,70 metros cadrados de superficie dentro do Centro Social dos Maiores da Bandeira (nos baixos do Edificio Zurbarán)*

*Visto que con data 28 de setembro (nº rexistro 5102) se presentou no Concello escrito por parte da Sociedad Estatal de Correos y Telégrafos no que se da traslado da aceptación da cesión de local para oficina de Bandeira por parte do director de Planificación e Finanzas, D. Alberto Alonso Poza*

*Visto que con data 2 de outubro de 2012 se firmou a acta de ocupación do citado local por parte de Paula Fernández Pena, alcadesa, en representación do Concello, e D. José Ramón Martínez Barral, como coordinador de inmobilés de Correos da Zona Iª, en representación da Sociedad Estatal de Correos y Telégrafos*

*Propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*- Dar conta da acta de ocupación do local e do documento de aceptación por parte de Correos y Telégrafos á Xunta de Goberno Local.”*

**A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, queda enterada desta proposta.**

**11º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ESCRITO DA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA DO AREEIRO DE DATA 08.10.12 (R.E. Nº 5258)**

**Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 08 de outubro de 2012, que literalmente dí:**

*“Visto o escrito presentado polo xefe do servizo da Estación Fitopatoloxica*

*do Areeiro (dependente da Deputación de Pontevedra), J. Pedro Mansilla Vázquez, de data 8 de outubro de 2012 (nº de entrada 5258) no que se adxuntan os resultados das análises fitopatolóxicas realizadas ao exemplar de Quercus Suber L., situado en A Saleta (Siador) e que figura recollido no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras, regulado polo Decreto 67/2007 do 22 de marzo (DOG nº74, de 17 de abril de 2007)*

*Propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*- Dar conta do citado escrito no que se recollen as análises fitopatolóxicas realizados a mostras do exemplar soto en A Saleta e que dan negativo para distintas afeccións a especies arbóreas.”*

**A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, queda enterada desta proposta.**

**12º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE APROBACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTOS E GASTOS CORRENTES.**

**Visto o escrito remitido polo Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 28 de setembro de 2012, (Rexistro de Saida da Deputación nº 012077 de data 01.10.12 e Rexistro de Entrada no concello nº 5195 de data 04 de outubro de 2012), no que consta:**

*“Aprobado o Plan de investimentos e gastos correntes da Deputación de Pontevedra para o ano 2012, e de conformidade co previsto na Base Quinta, PARTICÍPOLLE que ó seu Concello concedéuselle a cantidade de “315.473,42 euros”, con cargo ó devandito Plan, para a realización dos investimentos e o financiamento do gasto corrente que propoñan.*

*Esta concesión suxeitarase ás condicións establecidas nas Bases Reguladoras da convocatoria, nas Bases de Execución do Orzamento 2012, na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e no seu Regulamento de desenvolvemento e no Real Decreto Lexislativo, de 14 de novembro do 2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e demais lexislación aplicable.*

*Como ese concello ten débedas coa Deputación e co Organismo Autónomo Caixa de Anticipos de Cooperación por importe de 2.175,80 euros, dispón dun prazo de 5 días naturais para proceder o seu pagamento, a contar dende a publicación deste Plan no Boletín Oficial da Provincia. De non facelo no indicado período,*

*detraeráselle a cantidade do financiamento que l/e corresponde, neste último caso, quedanlle disponibles para as actuacións o importe de 313.297,62 euros.*

*O prazo de presentación das solicitudes que se acollan a este programa comenzará a contar o día hábil seguinte ó da publicación da presente convocatoria no boletín oficial da provincia, sendo de trinta (30) días naturais (...)."*

**Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 08 de outubro de 2012, que literalmente dí:**

*"Visto o escrito da Deputación de Pontevedra de data 4 de outubro de 2012 (número entrada 5195) no que se da conta da aprobación do Plan de Investimentos e gastos correntes da Deputación de Pontevedra para o ano 2012*

*Visto que segundo se comunica dende o organismo provincial ao Concello de Silleda lle correspondería a cantidade de 315.473,42 euros, para a realización dos investimentos e o financiamento do gasto corrente que se propóna*

*Visto que no citado escrito se recolle que o Concello de Silleda ten débedas coa Deputación e co Organismo Autónomo Caixa de Anticipos de Cooperación por importe de 2.175,80 euros*

*Visto que se concede un prazo de 5 días naturais para proceder ao seu pagamento, contados a partir da publicación do citado plan de investimentos no Boletín Oficial da Provincia (BOP), xa que de non facelo no indicado periodo se lle detraería ao Concello de Silleda a citada cantidade do financiamento que lle corresponde, quedando neste caso, dispoñible a cantidade de 313.297,62 euros*

*Visto que o prazo de presentación das solicitudes para acollerse ao programa comenzará a contar o día hábil seguinte da publicación da convocatoria do BOP, sendo de 30 días naturais*

*Propónse a adopción do seguinte acordo:*

*- Dar conta do citado escrito e do seu contido á Xunta de Goberno Local."*

**A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, queda enterada desta proposta.**

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:**

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia os seguintes asuntos non incluidos na orde do día, que declaran urxentes:

**1.- Proposta da Alcaldía sobre actuación na área de baño de Cira.**

Vista a Memoria Valorada para “Actuación na área de baño de Cira”, de data outubro de 2012, redactado do servizo de Urbanismo, Vías e Obras do Concello, polo arquitecto asesor do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, ascendendo o orzamento total por contrata a cantidade de 19.976,18 €. (IVA 21% incluido, sendo 3.466,94 €).

**Vista a proposta da Alcaldía de data 11 de outubro de 2012, que literalmente dí:**

*“Vista a Orde de data 28 de setembro de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na Rede Natura 2000 e a súa convocatoria para os anos 2012, 2013 e 2014.*

*Publicada no DOGA N° 191 de data 5 de Outubro de 2012*

***Esta Alcaldía propón a Xunta de Goberno Local que se adopte o seguinte Acordo:***

**1.- Aprobar a Memoria Valorada denominada ACTUACIÓN NA ÁREA DE BAÑO DE CIRA, cun orzamento total de 19.976,18 €.**

**2.- Solicitar a subvención estimada de 16.509,24 €, perante a Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras.**

**3.- Trasladar este acordo á Intervención, para o seu coñecemento e fiscalización oportunos.”**

**A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por decreto de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación á proposta da Alcaldía e acorda:**

*Vista a Orde de data 28 de setembro de 2012 pola que se establecerán as bases reguladoras para a concesión de axudas a actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na Rede Natura 2000 e a súa convocatoria para os anos 2012, 2013 e 2014.*

*Publicada no DOGA N° 191 de data 5 de Outubro de 2012*

A Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar a Memoria Valorada denominada ACTUACIÓN NA ÁREA DE BAÑO DE CIRA, cun orzamento total de 19.976,18 €.
- 2.- Solicitar a subvención estimada de 16.509,24 €, perante a Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras.
- 3.- Trasladar este acordo á Intervención, para o seu coñecemento e fiscalización oportunos.

---

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión as catorce horas, extendéndose a presente acta, do que como secretaria xeral, dou fe e certifico.

Silleda, a 11 de outubro de 2012.



Asdo. Paula Fernández Pena

Dou fe. A secretaria xeral

Asdo. Cristina Alonso Losada

